




# POZO DO INFERNO-RIBADIL

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 1 km (lineal)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora



En Mandelos (Crecente). No río Ribadil, un afluente do Miño que baixa das estribacións da serra do Faro de Avión. Na zona de Mandelos salva un forte desnivel de 15 m con dous saltos e varios rápidos en rochas graníticas.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Crecente á Cañiza, en Mandelos, achegámonos á ponte que cruza o río. Alí hai un cartel cun plano dunha ruta moi deteriorado. Podemos facer a ruta a pé ou baixar co coche ata a ferverza volvendo a Mandelos e nas primeiras casas, fronte a un cruce que indica Montecelo e motocross, coller unha pista asfaltada á dereita que baixa ao río con moita pendente.

